




C R I S T I N A S O U T O

IG: criis_souto

O L L A R A A U G A

Cómo habitar un territorio sumergido bajo las aguas? Cómo oír el fluir de un río estancado? Cómo hablar del elemento del pantano sin mostrar la presa, sin monumentalizar el pasado industrial ni echar la vista atrás irremediabilmente hacia la política hidráulica?

Ollar a Auga, buscando la respuesta a estas preguntas, elabora una carta de perdón hacia un ecosistema maltratado por el desarrollismo industrial, a través del sentir del tacto. Abre una conversación entre dos seres, un intercambio performativo entre el cuerpo y su entorno, que mira con él a través de la cámara en lugar de ser mirado.

Olleite.

A túa grande parede escrita na néboa.

Alta. Alta. Altísima.

Alcanzando a verticalidade máxima.
Ata riscar o ceo encapotado.
Os teus muros colindaban co murmurio do non fluír da auga.







Estanca. Presa na gorxa do río.

Apertada coma un puño que non deixa pasar
máis ca

un fío de aire

(O xusto para non afogar no intento de
seguir adiante)

contornearse como unha píntega
para atravesar a pedra e correr por
todos os regatos pequenos, rodando
os cantos, facendo brilar as troitas
que saltan nas correntes e moven a
boca buscando coller osíxeno

dando de beber ás tortolas que van
voando baixo e ós xuncos que crecen
todos xuntos, arremolinados, nal-
gunha lagoa a punto de diluírse no
salgado recendo da espuma do mar.



Unha, duas, tres

contei catro paladas feridas que golpeaban intermitentemente
coma a lingua dun tatexo no paladar
facendo un rego no seo das augas
similar ao que fai un arado para plantar unha liña de millo
a estela dun avión, os dedos debuxando un nome na area
deixando baleiro tras de sí unha pegada
que dura o que tarde a marea en subir.

Atravesaba a pirauga a auga
embalsamada coma unha comparsa fúnebre

Plas, Plas, Plas

unha palada e outra, e outra, e outra
marcando o ritmo.

un palmo da man



un chícharo.

unha laranxa

o cu dunha agulla

De cada 10 metros hai unha boia amarela flotando na auga. Os días que non hai vento,

a auga fai un reflexo especular perfecto imitando as ladeiras dos montes.

A primeira boia ocupa o que mide **un palmo da man**.

A segunda é a metade de grande e parece **unha laranxa** que caeu da pola e quedou mecendo no seo da auga

nunha traxectoria perfecta que une a primeira e a terceira boia,

esta última é tan pequena que se confunde **cun chícharo**.

A quinta boia cabe no **cu dunha agulla** se a pos dereita e a mantés firme mirando co ollo deireito a través do burato.





Adormecín na beira

no talo dun sabugueiro

non houbo sono antes do espertar

seica,

non



Os días sen vento e sol o espello é tan
perfecto que as veces quero buscar as boias
penduradas do ceo



coma os globos dun aniversario ou os faroles

dunha rúa suspensa
na auga

